



SERVIZO TERRITORIAL DA ZONA SUR DE AUGAS DE GALICIA
ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Pontevedra, co CIF P3603***, solicita de Augas de Galicia un caudal de auga de 6825,00 m³/ano, procedente de dous pozos, no lugar do Cunchido, parroquia de Cerponzóns (San Vicente), no concello de Pontevedra (Pontevedra), con destino a uso sanitario e rega.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.64829

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Concello de Pontevedra
CAUDAL:	6825,00 m ³ /ano
DESTINO:	uso sanitario e rega
ORIXE:	dous pozos en pol. 208, parc. 1 do catastro de Pontevedra
LUGAR:	O Cunchido
PARROQUIA:	Cerponzóns
CONCELLO:	Pontevedra

Descrición:

A auga cáptase en dous pozos barrena de 150 e 50 m prof. respectivamente e condúcese a depósito 6500 litros no interior de edificio existente para uso sanitario. Dende este depósito, unha vez cheo, a auga segue a depósito exterior 20000 litros para rega do campo de fútbol.

O que se fai público, para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontevedra ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa San Salvador, 2, 4º de Vigo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 27 de marzo de 2019

O xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia
P.S. Resoluc. dirección Augas de Galicia do 20.02.2017

Alberto Bosquet Herreros

